

2022

DOSSIER FAGAL



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

**RÚA REPÚBLICA CHECA 52, 15707 SANTIAGO DE
COMPOSTELA**



www.fagal.org



fagal@fagal.org



981595121

ATÓPANOS TAMÉN EN :



SUMARIO

2 AS DEMENCIAS EN GALICIA



3 QUÉ É A FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA ?



5 LIÑAS DE ACTUACIÓN



6 QUÉ FACEMOS?



7 SERVIZOS QUE OFRECEN AS NOSAS ASOCIACIÓNS



8 REDE DE TRABALLO



9 RECLAMACIÓNS DA FEDERACIÓN



AS DEMENCIAS EN GALICIA



DATOS ESTADÍSTICOS DA POBOACIÓN DE GALICIA (IGE)

POBOACIÓN TOTAL DE GALICIA:

2020 **2.701.819**
2021 **2.695.645**



MAIORES DE 64 ANOS:

2020 **687.824**
2021 **694.140**



PREVALENCIA DAS DEMENCIAS:

70.000

4 DE CADA 100 PERSOAS
TEÑEN DEMENCIA
EN GALICIA

15 DE CADA 100 PERSOAS
MAIORES DE 64 ANOS
TEÑEN DEMENCIA


O envellecemento é o principal factor para a aparición dunha demencia e as proxeccións demográficas de Galicia nos próximos anos fan prever un aumento das persoas maiores de 65 anos do 23,15% actual ao 41% no ano 2050, aparellado a un descenso xeral da poboación.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) prevé que, para o 2050, Galicia terá 1.762.249 habitantes, dos cales o 41% serán maiores de 65 anos.

QUE É A FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA?

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias -Federación Alzheimer Galicia- é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu en 1998 da unión de varias asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias (AFAs) coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas que sofren alzhéimer e das persoas coidadoras.

"A nosa misión é xerar cambios na sociedade que permitan mellorar a calidade de vida das persoas con demencia e as súas familias"



SINAIS DE IDENTIDADE

Hoxe en día a Federación Alzheimer Galicia é a entidade de referencia na comunidade en materia de alzhéimer tanto polos programas que desenvolve directamente como polas quince asociaciónes que a compoñen, que desenvolven de maneira permanente programas en 28 comarcas, representando o 80% da poboación galega.



MISIÓN

A misión da Federación Alzheimer Galicia é mellorar a calidade de vida das persoas con alzhéimer e outras demencias e as súas familias. Para eso, FAGAL traballa para fortalecer ás Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (AFAS) galegas e colaborar en xerar cambios na sociedade a favor destas persoas e as súas familias.

VISIÓN

A Federación Alzheimer Galicia quere ser unha organización referente, forte, unida e aberta a todas as necesidades das persoas con Alzheimer e Outras Demencias e da figura coidadora para dar unha resposta integral e próxima. Tamén quere impulsar a creación de recursos e o desenvolvemento da investigación clínica e social.

VALORES

TRABALLO EN REDE

SOLIDARIDADE

COMPROMISO SOCIAL

DIGNIDADE

HONESTIDADE E EXCELENCIA

LIÑAS DE ACTUACIÓN



A Federación Alzheimer Galicia centra o seu labor en tres liñas de actuación:

1. Atención ás asociacións, dando soporte técnico e funcionando coma un fío conductor da comunicación e coordinación entre AFAs.

2. Incidencia social, acercando o alzhéimer e as necesidades das personas con alzhéimer e as súas familias á sociedade e ás administracións públicas.

3. Xestión do coñecemento, poñendo en marcha programas formativos, grupos de investigación..., creando manuales e documentos que sirvan de guía para profesionais do ámbito das demencias.

QUE FACEMOS?

Moitos dos proxectos descritos a continuación realízanse co apoio das asociacións galegas de alzhéimer



ATENCIÓN A FAMILIAS

- Formación
- Asesoramento



ATENCIÓN A PERSOAS CUNHA DEMENCIA

- Atención en centros de día
- Atención a persoas con deterioro cognitivo
- Atención no rural
- Programa para o emprego de novas tecnoloxías (TICS)
- Programa de adaptacións e axudas técnicas



PROFESIONAIS

- Elaboración de documentos de interese (informes, guías...)
- Formación



SOCIEDADE COMPROMETIDA

- Día Mundial do Alzheimer
- Obradoiros Interxeneracionais
- Campañas de sensibilización e difusión



FORTALECIMENTO ASOCIATIVO

- Comunicación coas administracións
- Redacción de informes e xestión do coñecemento
- Participación en congresos e xornadas

SERVIZOS QUE OFRECEN AS NOSAS ASOCIACIÓNS

Aquí aparecen recollidos os servizos principais que desenvolven as nosas AFAs:

PERSOAS CON ALZHEIMER

CENTROS DE DÍA

PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN
COGNITIVA

SERVIZO DE FISIOTERAPIA

TRANSPORTE ADAPTADO

OBRADOIROS DE MEMORIA Y
DETECCIÓN PRECOZ

AXUDAS TÉCNICAS

FAMILIAS

SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

ORIENTACIÓN XURÍDICO-LEGAL

GRUPOS DE AUTOAXUDA

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN
RECURSOS SOCIALES

ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUAL

FORMACIÓN PARA FAMILIARES E
PROFESIONAIS

POBOACIÓN EN XERAL

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN

ACTIVIDADES INTERXENERACIONAIS

CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE FONDOS




REDE DE TRABALLO

"Individualmente somos unha gota de auga, xuntos un océano"
Ryunosuke Satoro

Para desenvolver os seus obxectivos, a Federación Alzhéimer Galicia pertence, no sector do alzhéimer e das demencias, á Confederación Española de Asociaciones de Familiares de Enfermos de Alzheimer y Otras Demencias -CEAFA-, que integra a 19 federacións autonómicas e representan a máis de 800.000 familias en todo o país. Tamén pertence á Asociación Europea de Alzheimer, á Asociación Internacional de Alzheimer e á Asociación Iberoamericana de Alzheimer.

En relación á transformación social, a Federación forma parte doutras entidades de incidente social: CERMI Galicia e EAPN - Galicia. Ademais forma parte, no relativo á saúde, no Cluster Saúde de Galicia.



RECLAMACIÓN DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

1. Dar prioridade ao alzhéimer no sistema sanitario
2. Estratexia de atención transversal en demencias:
 - a. Desenvolvemento de programas de prevención e detección precoz e do deterioro cognitivo leve, e programas de estimulación de persoas en fases iniciais
 - b. Recoñecemento dos tratamentos non farmacolóxicos no sistema público de saúde
 - c. Formación de familias e profesionais
 - d. Creación de protocolos de emerxencias para os servizos de protección cidadán
3. Estudos epidemiolóxicos:
 - a. Estudo de incidente real do alzhéimer e outras demencias en Galicia
 - b. Elaboración do perfil da persoa cuidadora familiar de persoas con alzhéimer.
 - c. Realización dun mapa galego de demencias
4. Programas de atención sanitaria a familias cuidadoras
5. Centrar a atención na persoa con alzhéimer e nas súas familias
6. Creación de redes de atención especializada en todas as comarcas do rural e nos entornos urbanos
7. Promover a investigación clínica e social en materia de demencia
8. Recoñecemento oficial da figura da persoa cuidadora
9. Programa de prevención do deterioro: envellecemento activo e saudable
10. Maior apoio político, institucional e económico no labor das AFAs





Comparte este dossier coas persoas da túa contorna
Deste xeito axúdanos a ser máis visibles



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA